

ALBORADA

Máis de 50 actos e centos de gaitas para homenaxear a Rosalía

25.02.2013 Os actos centrais desta xornada tiveron lugar en Padrón

SANTIAGO. EP

Centos de gaiteros participaron este domingo en máis de 50 actos nas catro provincias galegas na chamada 'Alborada para Rosalía' --organizada pola Fundación Rosalía de Castro, Real Academia Galega, Universidade de Vigo e a Asociación de Gaiteros Galegos-- na que se conmemorou o 176 aniversario do nacemento da autora, nun 2013 no que se cumpren 150 anos da súa obra 'Cantares Gallegos'.

Os actos centrais desta xornada tiveron lugar en Padrón (A Coruña), onde se atopa a coñecida Casa da Matanza na que tivo lugar unha das numerosas alboradas deste domingo. Esta peza musical escrita pola propia Rosalía de Castro interpretouse tamén en lugares do estranxeiro como París, Cork (Irlanda) ou América.

Ao acto de Padrón, acudiu o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Jesús Vázquez, quen destacou a celebración do "grande exemplo de Rosalía" e "a extraordinaria dimensión do seu legado", coa "confianza nunha Galicia que constrúe o seu futuro".

"A inmensa maioría dos cidadáns de Galicia sentimos un inmenso recoñecemento por quen levou a través da palabra escrita, como Rosalía, neustro espírito á mellor lírica da época contemporánea, tamén polo seu pensamento transformador en favor da igualdade de dereitos entre todos os seres humanos", subliñou Jesús Vázquez na súa intervención.

No acto deste domingo en Padrón participaron, entre outros: os secretarios xerais de Cultura e de Política Lingüística, Anxo Lorenzo e Valentín García; o presidente da Fundación Rosalía, Anxo Angueira; o presidente da Real Academia Galega, Xosé Luís Méndez Ferrín; o alcalde de Padrón, Antonio Fernández Angueira; o director do Centro de Estudos Rosalíanos, Xesús Alonso Montero; o reitor da Universidade de Vigo, Salustiano Mato; o presidente da Asociación de Editores, Manuel Bragado; ou o vicepresidente da Federación de Libreiros de Galicia, Antón Pedreira.

OFRENDA FLORAL EN SANTIAGO

A xornada de homenaxes a Rosalía de Castro arrincou este domingo cunha ofrenda floral celebrada na Praza de Vigo, en Santiago de Compostela -- lugar de nacemento da autora de 'Follas Novas'--, que correu a cargo do presidente da RAG, Xosé Luis Méndez Ferrín; o presidente da fundación rosaliana, Anxo Angueira; e o alcalde de Santiago, Anxo Currás.

En declaracións aos medios, o presidente da Fundación Rosalía, Anxo Angueira, destacou "a alborada extraordinaria" que se interpretou ás 10.00 horas en Santiago, coa que se busca dar inicio á conmemoración do 150 aniversario de 'Cantares Gallegos, que "marca á Galicia contemporánea".

Así, sinalou que a Fundación Rosalía de Castro busca "devolver a Galicia a súa dignidade" e quere facelo "con alegría, con ilusión e con alborada, que é algo moi simbólico".

"Nuns momentos político, sociais e económicos difíciles, Rosalía e a súa alborada creo que son un bo antídoto", recalcou Angueira en declaracións este domingo.

REXISTRO AUDIOVISUAL

Segundo explica a Asociación de Gaiteiros Galegos, a segunda parte desta homenaxe da 'Alborada para Rosalía' consiste en que todos os grupos gravaron e fotografaron as súas actuacións para pasar a formar parte dun arquivo audiovisual que se poderá ver en Internet.

Así as cousas, estes arquivos sonoros e visuais, que forman parte dunha iniciativa sen precedentes, poderá verse dende este domingo na web: <http://rosaliadecastro.org>.

MELLORAS DE CASA DA MATANZA

Por outra banda, segundo explica a Xunta, está prevista para o mes de decembro a reinauguración da Casa da Matanza, tras as obras de mellora, conservación e accesibilidade realizadas, ás que a Consellería de Cultura e Educación destinou 200.000 euros con cofinanciamento do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa Feder.

Entre a modernización dos contidos que está previsto realizarse atopa a incorporación das novas tecnoloxías audiovisuais e servizos para os visitantes da casa na que Rosalía pasou os últimos anos da súa vida.